

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE MULLERES DO RURAL DA PROVINCIA DE LUGO - AFAMMER LUGO PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN S DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia creou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia establece dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade como un órgano superior e de dirección á Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei,



mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

Na Resolución de 16 de marzo de 2023 da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdad de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan Conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027), establece como un dos obxectivos de dito Plan o de fomentar a permanencia e coordinación das accións de sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres.

A Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo, como entidade sen ánimo de lucro, ten entre os seus fins reactivar a actividade do asociacionismo no eido das mulleres do rural da provincia de Lugo, a realidade actual é que a provincia de Lugo, a diferenza das outras tres provincias galegas, non conta cunha asociación ou federación forte nese ámbito de actuación, existen pequenas asociacións locais cunha actividade reducida e localizada aos seus concellos, pero non unha agrupación que estea en todo o territorio e que planifique e preste servizos segundo as necesidades actuais da sociedade e que apoie e intente resolver os problemas da muller rural.

O 17 de novembro de 2022 constitúese a Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo\_ AFAMMER que integra as seguintes asociacións:

Asociación de familias y mujeres del medio rural de lugo - Afammer Lugo (provincia de Lugo)

- O Xaramago Asociación de Mulleres Rurais de Portomarin (concello de Portomarín)
- Asociación de Mulleres Rurais de Begonte -MOIRA (concello de Begonte)
- Asociación de Mulleres Rurais Amuga A Fanega (concello de A Pastoriza)
- Asociación Mulleres Rurais Amencer (concello de Cospeito)

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo AFAMMER, para o financiamento das accións sinaladas,



cuxo obxectivo prioritario centrarase en ir desenvolvendo accións, que xurdan da demanda das mulleres asentadas ao longo do extenso territorio de Lugo, tales como accións formativas, en sentido amplo, que procuren acadar a mellora das capacidades das mulleres do rural lucense, concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero e calquera tema relacionado que afecte, directa ou indirectamente a muller rural e ao seu entorno e formación, tratamento e adquisición de competencias, tanto profesionais como persoais, para as mulleres do rural lucense, a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres e tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

